

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE XANEIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 24 de xaneiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 21 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 3a)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público (CRONO CHIP, S.L. e TEAM RELAY, S.L.) e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún deles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Iníciase a sesión na referida plataforma e procédese ao descifrado dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade,

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CRONO CHIP, S.L.
2. TEAM RELAY, S.L.

A continuación ábrese a "Proposición avaliable mediante xuízo de valor".



A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías municipais e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 20 de xaneiro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliada mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliada mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% de desconto para os prezos unitarios dos elementos necesarios		% de desconto prezos unitarios dos custos de man de obra	
		Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2
1	TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 1)	0%		0%	
2	ÁNGEL LEIRÓS MOTOS, S.L (lote 2)		15%		8,57%
3	GRUPO ELGONSA, S.L. (lote 2)		5%		5%

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 18:10	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-C8B923-8729D5-DRHNQH-HGEA7H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 18:10	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB4E-C8B923-8729D5-DRHNQH-HGEA7H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		